



MANIFESTO 2017

DÍA INTERNACIONAL DO CANCRO DE MAMA



A nosa Federación Española de Cancro de Mama (FECMA) e as 42 asociacións federadas, identificamos o **19 de outubro** como **Día Internacional do Cancro de Mama**.

Ante calquera mensaxe interesada, reiteramos o noso compromiso cun sistema sanitario de xestión pública, ofrecendo atención integral, personalizada, multidisciplinar e de calidade, de acceso universal e gratuito. O noso servizo de saúde pública mantén un alto nivel de prestixio e confianza e traballaremos para asegurar que estes valores non se deteriores.

Defendemos un sistema público de saúde que forma parte do noso Estado de benestar e que garante, dende a solidariedade, unha **Carteira de Servizos única e común, como elemento de equidade** que, independentemente da administración xestora, garanta a igualdade no acceso a servizos e prestacións.

Os esforzos para resolver as desigualdades en saúde e o traballo en favor da equidade, deberían ser obxectivos a acadar e representar as liñas estratéxicas das administracións sanitarias que xestionan o Sistema Nacional de Saúde.

A nosa Federación Española de Cancro de Mama (FECMA) e as 42 Asociacións Federadas aceptamos un modelo descentralizado que de autonomía ás Comunidades Autónomas na xestión do Sistema Nacional de Saúde, **pero reclamamos mecanismos de coordinación das políticas sanitarias**, cautelas para que o Sistema non sexa disfuncional, un Consello Interterritorial operativo e un Fondo de Cohesión Sanitario que garante realmente a igualdade de acceso á asistencia sanitaria pública en todo o territorio español.

Ninguén con rigor científico pode dudar do valor das mamografías e da importancia da detección precoz en cancro de mama, por iso **apoiamos os programas de detección precoz** promovidos e xestionados polo sistema público de saúde.

Como cidadáns e como pacientes **preocúpanos o futuro do noso Sistema Nacional de Saúde**, porque si non hai respostas e solucións á sostibilidade pónense en risco as características básicas do noso Sistema, especialmente a súa universalidade.

Si é certo que se superou a crise económica, **débase constatar que o gasto público en sanidade recupera os recursos perdidos desde 2009**.

O movemento asociativo de mulleres - pacientes de cancro de mama, reivindica a igualdade e non se resigna a que a vida e a saúde se contabilicen como un elemento do presuposto do gasto. **A sanidade tamén é unha inversión e un sector xerador de crecemento, benestar e emprego**.

Os problemas do noso sistema sanitario non se solucionan con axustes e recortes en persoal, investimentos, servizos e prestacións, senón coa racionalización do gasto, con medidas de prevención, con aplicación das mellores prácticas e cunha colaboración activa entre as administracións e as Comunidades Autónomas.

FECMA e as 42 Asociacións federadas, **somos conscientes de dispoñer de bos profesionais sanitarios e confiamos no Sistema Nacional de Saúde**, aínda que deberán incorporar as reformas que sexan útiles para adaptarse ás novas necesidades, para atender ás demandas e reclamacións xustas dos pacientes e responder con acerto ás novas realidades sociais.

Reiteremos, cantas veces nos sexa posible, que é necesario un **Pacto de Estado** pola sustentabilidade, a cohesión, a suficiencia presente e futura e a calidade do noso sistema sanitario, co compromiso das administracións sanitarias e de todos os actores implicados, incluídos os pacientes.

No cancro de mama insistimos moito nos índices de supervivencia, que afortunadamente son altos (82,8%), pero non nos olvidamos de que o 20% de mulleres con cancro de mama desenvolverán metástasis e que o 6% de mulleres xa presentan **cancro de mama metastásico** no diagnóstico, un cancro cuxa atención require atención específica.

Seguen formando **parte das nosas prioridades**: o crecente número de mulleres novas con cancro de mama; os efectos adversos e as consecuencias no ámbito familiar, laboral e profesional que producen o cancro de mama e non esquecemos o noso dereito a unha segunda opinión e a dispoñer dunha información obxectiva, veraz, completa e comprensible.

E mantemos as **nosas reivindicacións** de dispoñer dunha asistencia psico-social; dunha xestión eficaz das listas de espera; de cuidados paliativos para pacientes en estadios avanzados e de avaliar os riscos de mulleres susceptibles de presentar síndrome hereditario de cancro.

Non entendemos que debamos reivindicar un ano máis a necesidade de **rexistros poboacionais homoxéneos e actualizados de cancro**.

Apoiamos os ensaios clínicos, a investigación e a innovación, porque a maior supervivencia e avanzar no tratamento personalizado en oncoloxía obtéñense aplicando novos coñecementos. Porque non hai pacientes iguais nin tratamentos estándar, trabállase desde unha medicina personalizada.

Consideramos urxente a interoperabilidade da tarxeta sanitaria en todo o territorio do Sistema Nacional de Saúde e a plena compatibilidade entre as distintas Comunidades Autónomas das receitas e a historia clínica electrónica.

As mulleres con cancro de mama, que tratamos de manter unha actividade física e hábitos de vida saudables, non renunciamos voluntariamente ao noso futuro vital, aínda que sexa un futuro con dúbidas e medos. Convivir coa enfermidade é complicado e máis cando hai metástasis con efectos na dimensión persoal, na vida familiar e con consecuencias no proxecto laboral ou profesional de cada muller. Ningunha pensamos que o traxecto desde o diagnóstico iba a ser sinxelo pero, desde o alento de esperanza que outras mulleres nos sinalaron, atrevémonos a **pintar un futuro en feminino**, sen renunciar a soños e aventuras.